

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 04 DE NOVEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de novembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e oito de outubro de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:


1. Comunicaciónda empresa Aqualia, con data RE 28 de outubro de 2013 N° RE 5307, relativa a presentación dunha serie de presupostos de actuacións feitas para a prestación do servizo de abastecemento e depuración de augas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda autorizar a realización das citadas actuacións, dando o visto bo a realización deses presupostos.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data RE 30 de outubro de 2013 N° RE 5338, relativa a pago de cantidade económica en relación co procedemento ordinario nº 4541/2002.



## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **RECLAMACIÓN PREVIA A VIA XUDICIAL LABORAL.-**

Dase conta do escrito presentado pola traballadora Dona Inés Vázquez Veiga, relativo a reclamación de cantidades económicas, derivadas de supostos dereitos de carácter económico, en base ao convenio colectivo do concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, adopta o seguinte acordo:

Denegar o pago das cantidades solicitadas, en base ao ámbito de aplicación do Convenio Colectivo, que precisamente no seu artigo primeiro establece que: *“As normas que integran o presente acordo son de aplicación a todo o persoal laboral do Concello de Ribadavia..... Queda exceptuado do ámbito de aplicación do presente convenio, no referente os emolumentos, todo o persoal contratado en virtude de programas de cooperación, convenios de colaboración ou mediante subvencións doutras institucións e administracións, cunha remuneración que este prefixada de acordo cos fondos específicos establecidos en ditos programas.”*

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

